



---

## CONCELLO DE BEADE

P3201100I

Rúa Caudillo, s/n 32431 – BEADE

Tel.: 988480034 Fax: 988480075 Correo electrónico: [info@beade.es](mailto:info@beade.es)

---

## BANDO DA ALCALDÍA

DON SENÉN POUSA SOTO , ALCALDE DO CONCELLO DE BEADE , FAGO SABER:

### LIMPEZA DE PARCELAS

A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL SEGÚN A Lei 3/2007 de “Prevención e defensa contra os Incendios Forestais de Galicia”, modificada en parte pola Lei 7/2012 de “Montes de Galicia”, establece:

#### **Obrigas dos propietarios/usufructuarios das parcelas:**

«Artigo 22. Procedemento para a xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas

1. As persoas físicas ou xurídicas responsables, segundo o disposto no artigo 21 ter, procederán á execución da xestión da biomasa no ámbito das redes de faixas de xestión de biomasa antes do 30 de xuño de cada ano e consonte os criterios establecidos por orde da consellaría competente en materia forestal. O prazo para a limpeza de parcelas será pois, en todo caso antes do 30 de xuño de cada ano.

2. No suposto de incumprimento do disposto no número anterior, os entes locais, no caso do artigo 21 e nas faixas laterais das redes viarias da súa titularidade, así como a consellaría competente en materia forestal nos restantes casos, poderán notificar, de oficio ou por instancia de parte, ás persoas responsables a súa obriga de xestión da biomasa vexetal, advertíndoas da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento e sen prexuízo da instrución do procedemento sancionador que corresponda e da aplicación de multas coercitivas, se é o caso.

3. Se no prazo máximo de quince días naturais os citados titulares non acometen a xestión da biomasa, as citadas administracións públicas, consonte as atribucións competenciais definidas con anterioridade, poderán proceder á execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa, repercutíndolles os custos ás persoas responsables segundo o disposto no artigo 21 ter.

4. No caso de execución subsidiaria, as persoas responsables segundo o disposto no artigo 21 ter están obrigadas a facilitarlles os necesarios accesos ás entidades responsables dos traballos de xestión da biomasa, que non requirirán de ningunha autorización para a execución subsidiaria da xestión da biomasa nas redes de faixas de xestión.

Para xeral coñecemento, o manda e asina o Sr. Alcalde de Beade, a 14 de decembro de 2017.

O Alcalde,